

11. A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).

O século XVII está enmarcado durante o reinado dos chamados Austrias menores (Felipe III, Felipe IV e Carlos II) aínda que verdadeiramente a crise económica e demográfica comeza no último cuarto do século XVI e responde a unha explicación multicausal: por un lado, o gasto suntuario da Corte, a política imperial de Carlos I e as campañas bélicas deste e o seu fillo Felipe II no exterior, obsesionados por aparecer coma os líderes universais da cristiandade, debilitan fondamente á Facenda real; recordemos que en 1556 declárase a bancarrota. Por outro lado, a chegada masiva de metal precioso de América (ouro e sobre todo prata) ten como consecuencia un aumento exponencial da moeda circulante, o que incide na brusca subida da inflación. Asemade o clero e a nobreza non invirten as súas ganancias en sectores innovadores como o comercio ou a industria e a burguesía non o foi o suficientemente numerosa nin forte e tendía a imitar os modelos rendistas dos estamentos privilexiados.

Os conflitos con países europeos cunha economía máis potente (Inglaterra, Provincias Unidas) provocará a redución das exportacións peninsulares (a guerra textil) así como a perda de tropas reais nos numerosos enfrontamentos bélicos provocando unha crise de morbilidade.

Todos estes factores, unidos á posibilidade da poboación moza de marchar cara América, ao impacto no levante da expulsión dos mouriscos por parte de Felipe III (campesiños na súa gran maioría), á incidencia da peste atlántica, e a un grave ciclo de malas colleitas producido por unha climatoloxía adversa, desembocarán nunha crise económica que terá efectos adversos na estrutura demográfica, estancándose a poboación nuns 7,5-8 millóns de persoas durante o período sinalado.

Todo o mencionado anteriormente condénsase na chamada “triloxía do desastre”, idea que empregan os historiadores cando queren facilitar a comprensión das causas das crises do Antigo Réxime e que se reduce ás seguintes: peste, malas colleitas e guerras. Mais cómpre establecer diferencias entre os diferentes comportamentos demográficos dos territorios peninsulares: se ben o interior castelá, ata ese momento a zona máis poboada, sofre un decrecemento e iniciase un éxodo de poboación cara á periferia, no litoral (exceptuando Valencia, moi afectada pola expulsión dos mouriscos en 1609 e algunhas cidades moi afectadas polas epidemias de peste, coma Barcelona ou Sevilla) a situación é ben diferente: comeza o fluxo de campesiños dende o interior e chegan de América dúas especies que se cultivan na costa a pouca altura, e que producirán un alza demográfica ou cando menos mitigarán os efectos da crise: o millo e a pataca.